

Pazo de Arretén



Descripción

O pazo é de estilo renacentista construído no século XVI pola familia fidalga Bermúdez de Castro. Planta rectangular, con extremos angulados para comunicar por paso elevado coa [capela](#). Fábrica de cantaría de granito. Fachada principal sobria, con solemne escalinata de balaústres, que comunica cun alongadísimo patín (ao longo de toda a fronte), formado por arcos de medio punto con columnas toscanas e balaustrada de traza compostelá. A distribución actual corresponde ao século XVII. Conta cunha ampla horta, na que destaca a [fonte](#).

Aquí viviron desde tempo inmemorial os antepasados de [Rosalía de Castro](#). Era por tanto de familia fidalga, mais vinda a menos naqueles días. Aínda que reformado, o pazo conserva as trazas doutro tempo, a capela e a fermosa fonte na parte posterior, o espazoso balcón coa balaustrada sobre as grandes arcadas de pedra e a ampla escaleira. Está nos versos dela:

Deserta a escalinata,

*soio o paterno niño,
e enriba del caendo misteriosas,
coas sombras do crepúsculo as do olvido.*

No poema “Como chove miudiño” escrito nas [Torres de Lestrobe](#), seguindo o curso caprichoso dunha nube, Rosalía vai describindo os lugares familiares: as [Brañas de Laíño](#), Valga, San Lois, Padrón e a Adina, até regresar ao fin ao útero materno, a Casa Grande da Arretén, na ladeira do “Miranda altivo”.

Contempla a ruína do edificio comesto polas hedras e as silveiras e lembra os cantos na capela, as risas, as danzas e as festas no terreiro do pazo, a memoria do avó, a quen non chegou a coñecer.

*E tamén vexo enloitada
da Arretén a casa nobre,
onde a miña nai foi nada
(...)
Mes tras mes, pedra tras pedra,
ti te irás desmoronando,
ceñida por sintas de hedra,
mentras que outra forte medra,
que así o mundo vai rolando.*

A vista é magnífica. Diante nosa asentouse o palacio arcebispal da [Rocha Branca](#), o lugar onde morren os amantes do *Siervo Libre de Amor* de Xoán Rodríguez do Padrón, a quen Murguía fai nacer no pazo. Algúns autores atribúenlle tamén o “Romance do Conde Arnaldos”. Sería fermoso imaxinar a escena alá no mar da Arousa. O conde, co falcón na luva, e a galera, coma no verso rosaliano, vogando pola ría coas brancas velas inchadas e enxarcia de ouro torzal.

En xullo de 1936, no contexto do alzamento franquista, foi o escenario dun asalto por parte de sindicalistas.

INFORMACIÓN

TIPOLOXÍA	Arquitectura civil
CRONOLOXÍA	Século XVI
CONCELLO	Padrón
PARROQUIA	Santa María de Iria Flavia
REFERENCIAS	<p>Roteiro Rosalía de Castro De Padrón polos camiños (https://rosalia.gal/que-facemos/actividades/roteiro-rosaliano-de-padron-polos-caminos/)</p> <p>Ruta Rosaliana As pegadas de Rosalía (https://www.rutarosaliana.gal/a-ruta-rosalina/)</p> <p>La casa de Troya (https://www.lacasadelatroya.com/noticias/la-casa-de-la-troya/reten/)</p> <p>El Correo Gallego (/hemeroteca/patrimonio-estudia-medidas-reparar-pazo-arreten-EACG269827)</p> <p>Pablen Compostela Teo (/posts/5501673099867281)</p>

XEOLOCALIZACIÓN

COORDENADAS	42.746060274795 , -8.6462839596769
--------------------	------------------------------------



* Información obtida da páxina web obaixoulla.gal. Xeolocalización a partir da información de mapas.xunta.gal.